

ORDENANZA DO SERVIZO DE TRANSPORTE COLECTIVO EN AUTOBÚS DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.

1. A planificación, xestión e control do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros é competencia exclusiva do Concello de Santiago, de acordo co establecido nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85 de bases do réxime local, 80 e 81 da Lei de administración local de Galicia e demais lexislación estatal e autonómica.
2. O servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, caracterizado pola frecuencia e reiteración de itinerarios, é de carácter público, e, polo tanto, terán dereito todos os cidadáns nas condicións que se determinen, sen outra limitación que as condicións e obrigas que se establezan na presente ordenanza e na lexislación vixente.
3. Este servizo poderase prestar en calquera das formas que a lexislación determine (prestación directa, concesión administrativa, réxime de xestión interesada...), por unha ou varias empresas, aínda que desenvolvéndose a través dun réxime de planificación conxunta e de coordinación.
4. O Concello establecerá e aprobará, sen prexuízo da aprobación definitiva polo órgano competente, de ser o caso, as tarifas, itinerarios, frecuencias e paradas do transporte urbano.
5. O Concello poderá autorizar ou concertar servizos particulares con empresas de transporte discrecional ou regular que se axusten ás determinacións que se establezan para a prestación do servizo público, fixándose na autorización que se conceda as condicións do servizo.

6. O servizo de transporte urbano poderá ser obxecto de coordinación con transportes interurbanos de carácter regular, a través dos procedementos que a lexislación vixente estableza, na área de prestación conxunta de Compostela.

ARTIGO 2.

Esta ordenanza ten por obxecto regular a prestación do servizo e as relacións entre os usuarios, o Concello e a empresa ou empresas operadoras dos servizos aos que se refire, complementando os pregos ou contratos que poidan existir con estas empresas.

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

CAPÍTULO I. DA REDE DE TRANSPORTE E AS PARADAS

ARTIGO 3.

A rede das liñas do transporte urbano de Santiago de Compostela responderá, en primeiro lugar, á demanda dos usuarios, previos os estudos técnicos e económicos correspondentes, así como aos criterios de carácter social que o Concello determine.

ARTIGO 4.

O servizo de transporte urbano axustará o seu trazado en cada momento aos proxectos técnicos aprobados polo Concello, que se encargará de levar a cabo as modificacións necesarias para unha óptima prestación do servizo. O Concello determinará o número de liñas, itinerarios, frecuencias, número de vehículos e paradas.

ARTIGO 5.

As suxestións dos cidadáns ou asociacións sobre cambios na estrutura da rede presentaranse preferentemente nas oficinas municipais ou da empresa operadora.

Os servizos técnicos municipais estudarán as suxestións, tomando no seu caso as decisións oportunas. Igualmente estarán a disposición dos usuarios libros de queixas e suxestións en varios puntos da cidade, entre os que estarán as oficinas das empresas operadora e xestora.

ARTIGO 6.

As propostas de axuste da rede emanadas do Concello deberán contrastarse coa empresa operadora que corresponda, que disporá dun prazo dunha semana para efectuar as observacións que considere oportunas. Unha vez aprobadas as modificacións daráselle a máxima difusión posíbel, para xeral coñecemento.

ARTIGO 7.

1. As liñas regulares terán o número e situación de paradas no seu percorrido que determine o Concello. As paradas poderán ser de final de liña, de regularización e eventuais. As dúas primeiras circunstancias deberanse sinalizar convenientemente.

2. As paradas utilizaranse en exclusiva polos vehículos de transporte urbano e polos vehículos de transporte escolar ou interurbano que contén con autorizacións específicas, pero nunca para estacionar e só durante o tempo mínimo necesario para realizar a deixada e/ou recollida de viaxeiros. En todo caso terán preferencia os vehículos de transporte urbano.

ARTIGO 8.

1. Serán consideradas final de liña aquelas paradas que marcan o comezo e final do percorrido. Todas serán de parada obrigada e servirán de regularización de horarios. Os vehículos deberán quedar nelas completamente baleiros de pasaxeiros.

2. Aquelas liñas que polas súas características non teñan unha parada final indicaranos claramente; no momento de regularización de horarios non deberán baixar os pasaxeiros.

3. Cando unha liña teña paradas finais diferentes en función do horario deberá indicar claramente esta circunstancia, advertindo no seu caso aos pasaxeiros.

ARTIGO 9.

Serán paradas de regularización aquelas que sen constituír final de liña serven para regular os horarios. A parada nelas será obrigada, sen necesidade de que baixen os viaxeiros.

ARTIGO 10.

1. As paradas eventuais serán aquelas nas que o vehículo efectuará soamente a recollida e baixada de viaxeiros.
2. O conductor, coa antelación necesaria, asegurarse da existencia de usuarios que desexen facer uso da parada, para proceder á mesma. Só cando o nivel de ocupación do vehículo impida a subida de novos viaxeiros poderá obviar a parada, de non existir demanda de usuarios que desexen baixarse.
3. Os usuarios deberán comunicar coa antelación debida tanto a demanda de baixada como de subida, facendo uso dos medios técnicos de que dispoña o vehículo ou a parada, ou, para a solicitude de subida, simplemente alzando a man.

ARTIGO 11.

1. As paradas deberanse sinalizar segundo os criterios legais do tráfico, e coa información mínima necesaria para os usuarios naqueles casos que sexa posíbel, atendendo aos criterios establecidos polo Concello ou TUSSA.
2. Os refuxios de paradas deberán conservarse pola empresa titular dos mesmos, en axeitado estado de decoro, e en perfectas condicións que aseguren a súa correcta utilización polo público usuario.
3. En todo caso, as instalacións fixas na vía pública observarán os preceptos e ordenanzas municipais.

CAPÍTULO II. DAS TARIFAS E TÍTULOS DE TRANSPORTE

ARTIGO 12.

1. As tarifas xerais do servizo de transporte urbano aprobaranse polo órgano municipal competente, a proposta de TUSSA, no marco da lexislación vixente. Unha vez aprobadas deberanse difundir para xeral coñecemento.
2. As tarifas deberán cubrir o custo do servizo, incluíndo os gastos de explotación, amortización e beneficio industrial. Deberanse actualizar con carácter anual, de acordo coa evolución dos custos.
3. Non se computarán neste cálculo os beneficios de carácter social, cubertos desde o orzamento municipal.

ARTIGO 13.

Non serán válidas outras tarifas que as oficialmente establecidas. O seu importe deberá aboarse polos usuarios, sen outras excepcións que as expresamente consignadas.

ARTIGO 14.

Os títulos de viaxe habilitados para a utilización do servizo de transporte urbano estarán aprobados para cada período polo órgano competente do Concello de Santiago a proposta da empresa TUSSA. Os títulos de viaxe e as súas formas de pago poderanse modificar, polo mesmo procedemento, en función das condicións que en cada momento rexan o servizo.

ARTIGO 15.

O Concello de Santiago decidirá en cada momento os beneficios a aplicar para colectivos especiais de usuarios do transporte urbano. A concesión da condición de beneficiario de tarifas especiais xestionarase polos servizos municipais; tamén poderá ser encomendada polo Concello á empresa municipal TUSSA, ou incluso á empresa operadora que corresponda.

ARTIGO 16.

1. O usuario aboará o importe do billete ao acceder ao vehículo, e terá o dereito de recibir o correspondente título de viaxe que esixirá ao conductor.
2. Os viaxeiros terán a obriga de conservar o título válido de viaxe sen deterioro e en condicións de control durante a súa permanencia no vehículo; así como a exhibilo cando sexa requirido para elo polo conductor ou os servizos de inspección.
3. No caso de billetes para colectivos especiais, o conductor e os servizos de inspección poderán solicitar o DNI ou documento acreditativo da idade ou condición do usuario no caso de dúbida, xa que o seu uso está limitado segundo as disposicións vixentes.
4. O usuario aboará o billete cunha moeda ou billete de curso legal sen deterioro que os invalide, cunha cantidade máxima de 20 euros.

ARTIGO 17.

Os bonos de viaxe pódense adquirir nas oficinas das empresas operadoras, en calquera dos autobuses que prestan o servizo ou en outros puntos establecidos pola cidade dos que deberán darse xeral coñecemento, previo depósito dunha fianza que se devolverá no caso de devolución da tarxeta, que deberá estar en perfecto estado.

O usuario aboará o bono e/ou a súa correspondente recarga con moeda ou billete de curso legal, sen deterioro que os invalide, cunha cantidade que non exceda dos 20 euros (ou múltiplo seguinte dos 20 euros no caso de recargas superiores).

ARTIGO 18.

Terán acceso gratuito os nenos ata 4 anos (de 0 a 3 anos, ambos incluídos) sempre que viaxen acompañados dunha persoa maior en posesión do seu título de viaxe correspondente.

CAPÍTULO III. DOS HORARIOS

ARTIGO 19.

O Concello queda facultado para determinar o horario e frecuencias das distintas liñas, aos que se axustará o servizo que se presta, agás caso de forza maior, sempre de acordo co proxecto técnico previamente aprobado.

ARTIGO 20.

Existirá un cadro cos horarios e frecuencias de inverno e outro cos horarios de verán, aos que deberá dársele difusión xeral, estando expostos nos puntos de información previstos.

ARTIGO 21.

1. As interrupcións na liña regular haberán resolverse no menor espazo de tempo posíbel, colaborando todas as empresas municipais e organismos dependentes do Concello nunha rápida subsanación.
2. Se un vehículo interrompe o seu servizo por algún incidente, os usuarios subirán ao seguinte co mesmo título de viaxe do vehículo anterior.
3. A regularización dos vehículos en liña en ningún caso poderá supor un estacionamento nas paradas destinadas ao efecto superior a cinco minutos.

CAPÍTULO IV. DOS SERVIZOS NON REGULARES

ARTIGO 22.

Os servizos que non teñan carácter de regulares poderán ser de dúas clases: especiais e extraordinarios.

ARTIGO 23.

1. Os servizos especiais realizaranse, con independencia dos regulares, con motivo de espectáculos, festividades, feiras, ou outros acontecementos, con ocasión de aglomeracións de público, en determinados lugares. Estes servizos son de carácter público, tendo dereito a súa utilización cantos usuarios o desexen e cumpran as condicións regulamentarias, aboando as tarifas correspondentes.
2. O percorrido, paradas, frecuencias, etc., dos servizos especiais, determinaranse polo Concello.
3. Para atender os servizos especiais, poderá dispoñerse, se así o esixen as circunstancias, de vehículos doutras liñas regulares que non estean en uso en tal momento, sempre que en ningún caso queden desatendidos os usuarios das mesmas.

ARTIGO 24.

1. Os servizos extraordinarios serán aqueles que en determinadas ocasións, ou de forma periódica, poidan establecerse en atención a organismos, centros ou sectores concretos; á súa utilización só terán dereito as persoas que determinen os organismos a favor de quen se estableza.
2. O importe dos servizos extraordinarios fixarase polo Concello a partir da proposta da empresa concesionaria, correndo cos gastos a entidade beneficiaria.
3. Os servizos extraordinarios regularanse nun todo polo propio acordo de establecementos; e subsidiariamente por esta ordenanza.

CAPÍTULO V. DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 25.

1. Os vehículos tan só poderán prestar servizo nas debidas condicións de sanidade, limpeza e estado de conservación técnica.

2. A limpeza tanto exterior como interior haberá de ser esmerada, entendendo por tal aquela que esixe o respecto ao usuario.

3. O estado de conservación técnica haberá de ser o normal dunha correcta explotación; e escrupuloso naqueles órganos do vehículo que poidan afectar á seguridade dos viaxeiros e transeúntes. En todo caso, os vehículos cumprirán estritamente a normativa técnica que lles sexa aplicable.

4. En xeral, a dirección das empresas ven obrigada a adoptar cantas medidas redunden no ben do servizo, procurando que os vehículos carezan de desperfectos que atenten ao mesmo; e moi particularmente, coidará daqueles órganos e elementos que directa ou indirectamente poidan ser causa de accidentes.

ARTIGO 26.

Os vehículos en lugar visíbel, e ademais do preceptuado na presente ordenanza, haberán de levar avisos que indiquen:

1. Número de orde do vehículo.
2. Resumo das obrigas e dereitos, tanto do usuario como do persoal da Empresa.
3. Visíbel desde o exterior deberá levar número de orde e liña na que presta servizo, así como condicións de accesibilidade (minusválidos, carriños de bebé, etc.).

ARTIGO 27.

1. Os asentos do vehículo ocuparanse libremente polos viaxeiros sen preferencia algunha, agás expresa indicación de reserva especial.
2. Os usuarios non poderán esixir en ningún caso viaxar sentados, ao que só terán dereito habendo asentos baleiros.
3. Non terá efecto ningunha reserva de asentos dos viaxeiros, e ocupalos corresponderá ao usuario que primeiro teña acceso ao mesmo, agás o previsto no parágrafo 1 do presente artigo.

4. Os vehículos levarán nun lugar visíbel no interior a capacidade máxima do mesmo, tendo que cumprir coas prescricións legais, e sendo a empresa operadora de cada servizo a responsábel do seu cumprimento.

ARTIGO 28.

Os vehículos irán necesariamente provistos de fiestras que poidan pecharse ou abrirse a comodidade do usuario. Os vehículos que dispoñan de sistema de aire acondicionado, levaran as fiestras pechadas mentres se utilice aquel.

TÍTULO III. DO PERSOAL DO SERVIZO

ARTIGO 29.

Todo o persoal da Empresa, relacionado directa ou indirectamente co público, deberá ir uniformado de acordo coas normas que ao respecto dicte a empresa concesionaria, coa conformidade do Concello, actuando en todo momento con respecto cara ao público. Enténdese aos efectos que teñen relación directa ou indirecta co público tanto o persoal de tráfico coma o de talleres realice o seu cometido permanente ou ocasionalmente, nos vehículos ou na vía pública.

ARTIGO 30.

Se ten lugar unha discusión entre un empregado e un usuario, con motivo do servizo, o usuario ven obrigado a acatar a decisión daquel e, se o considera procedente, denunciar o feito, utilizando os mecanismos previstos na presente ordenanza.

ARTIGO 31.

Os inspectores e condutores en acto de servizo, terán a obriga de facer cumprir aos viaxeiros as normas e disposicións vixentes, denunciando aos infractores a calquera axente da autoridade. Se o que observa a infracción é o conductor, comunicarao á empresa polos canles preestablecidos.

ARTIGO 32.

1. Os condutores, en cumprimento da súa función, actuarán conforme as disposicións vixentes, en especial o Código de circulación e esta ordenanza.
2. Absteranse en absoluto de intervir en discusión ou cuestión de clase algunha; e queda prohibido aos mesmos falar co público, excepto cando se trate de contestar a unha pregunta relacionada co servizo que se presta, ou indicar aos viaxeiros algunha cuestión referente ao mesmo.
3. Actuará conforme ao preceptuado nesta ordenanza, seguindo as instrucións da Dirección e as ordes recibidas dos seus mandos.
4. Os condutores, ao igual que o resto do persoal da empresa, teñen prohibido fumar no interior dos vehículos, incluso estando estacionados.

ARTIGO 33.

1. Será específica misión dos inspectores controlar a calidade e cumprimento do servizo, e aos usuarios que están en posesión do título de viaxe correspondente, aos que lle poderá esixir a exhibición do mesmo. Calquera irregularidade que observen será anotada no parte correspondente. As súas decisións serán acatadas polos viaxeiros e conductor sempre que sexan relacionadas co servizo, sen prexuízo das reclamacións que contra as mesmas procedan.
2. Este persoal haberá de cumprir co máximo rigor cantas disposicións obriguen aos empregados.
3. A inspección efectuarase de forma que se causen as menores molestias ao público, pero coas maiores garantías de eficacia.

TÍTULO IV. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

CAPÍTULO I. ACCESO E VIAXE

ARTIGO 34.

1. Toda persoa que dea cumprimento das disposicións legais vixentes e reúna os requisitos establecidos nas mesmas terá dereito a utilizar o servizo de transporte urbano de Santiago de Compostela.

2. O usuario ten igualmente dereito a que o persoal da Empresa dea o mais exacto cumprimento ao previsto na presente ordenanza e disposicións vixentes, pero en todo caso, absterase de discutir cos empregados, acatando as súas decisións e presentando a oportuna reclamación, ben nas oficinas previstas ao efecto, ou ben Rexistro Xeral do Concello, ou a calquera empregado da inspección.

Acompañarase o correspondente título de viaxe.

3. O usuario terá dereito a que lle sexa expendido título válido de viaxe ao aboar o seu importe.

ARTIGO 35.

Os usuarios terán dereito a acceder ao autobús con equipaxes non de man, carriños de bebé, ou outros vultos de grandes dimensións, de acordo cos seguintes criterios:

1. Os usuarios que queiran acceder ao autobús con carriños de bebé poderán facelo pola porta dianteira, previa autorización do conductor, sen obriga de dobrala, ocupando a plataforma central do vehículo para maior seguridade, á vez que para menor trastorno para o acceso e baixada do resto dos usuarios.

2. Os usuarios que queiran acceder ao autobús en cadeiras de rodas poderán facelo pola porta central do vehículo, sempre que este estea provisto de rampla de acceso. No caso dos vehículos dotados con rampla de acceso manual será o acompañante (con libre acceso) o que deba abrila e gardala, seguindo as indicacións do conductor. En cada vehículo destas características existen luvas de plástico para realizar esta operación. O usuario da cadeira de rodas terá prioridade para ocupar o espazo que se lles reserva na plataforma central e que está dotado das correspondentes fixacións de seguridade.

3. Os usuarios que queiran acceder ao autobús portando vultos ou efectos poderán facelo se o seu tamaño, clase, forma e calidade permite que sexa levado polos seus portadores sen restar espazo que deba ser utilizado para o

tránsito ou ocupado polos viaxeiros; e sobre todo sen que molesten a estes nin ensucien o vehículo ou despidan olores desagradables.

4. Os invidentes poderán acceder ao autobús debidamente acreditados con can-guía; así mesmo poderase acceder con pequenos animais domésticos sempre que os seus donos os leven en cestas ou gaiolas axeitadas, non produzan molestias polo seu olor ou ruído e non contraveñan o recollido no artigos 35 e 36 da presente ordenanza.

ARTIGO 36.

Ademáis das normas e obrigas dos usuarios xa enumeradas, queda terminantemente prohibido, con carácter xeral, a realización de todas aquelas accións que perturben o correcto desenvolvemento do servizo de transporte, e de forma específica:

1. Subir ou baixar do vehículo en movemento.
2. Acceder ao vehículo sen o correspondente título de viaxe ou acceder cun non válido pola condición do usuario.
3. Levando substancias explosivas ou perigosas.
4. Encontrándose en calquera estado ou situación que atente contra o respecto debido aos restantes viaxeiros.
5. Subir ao vehículo cando o conductor ou os servizos de inspección fixeran a advertencia de atoparse completo.
6. Subir ao vehículo nos casos especiais recollidos no artigo 36 sen a previa autorización do conductor.
7. Fumar, comer e beber dentro dos vehículos.
8. Entrar ou saír polas portas non destinadas a cada uso.

9. Acceder en estado de embriaguez.
10. Conversar co conductor, a excepción de asuntos relacionados co servizo, e en ningún caso durante a marcha.
11. Sacar en marcha calquera parte do corpo polas portas ou fiestras.
12. Arrojar obxectos polas fiestras e dentro do vehículo.
13. Utilizar aparatos de son que molesten ao resto dos usuarios.
14. Solicitar a parada fóra dos lugares destinados a tal efecto.

ARTIGO 37.

1. De forma xeral será obriga dos usuarios dar cumprimento ao preceptuado no vixente Código de circulación e presente ordenanza.
2. Será obriga do usuario manter a posesión do título de transporte mentres se encontre no interior do vehículo.

ARTIGO 38.

1. O acceso do público deberá facerse por rigoroso orde de chegada, que permita subir aos vehículos sen aglomeracións, nin atropelos, respectando dita prelación.
2. Á chegada do vehículo, o público subirá ao mesmo pola porta dianteira, permitíndose o uso das demais portas, exclusivamente, previa autorización do conductor.
3. Cando o vehículo chegue á súa parada completo de público, non abrirá a porta dianteira para a subida.

4. Se o vehículo fose case completo e non admitise máis que determinado número de viaxeiros, o conductor indicará os que poden subir, indicación esta que será rigorosamente cumprida.

ARTIGO 39.

1. O viaxeiro, tan pronto suba ao vehículo haberá de amosar ao conductor o título de viaxe, cancelará o bonobús ou pagará o billete correspondente, que esixirá daquel, dándolle para o cobro moeda de curso legal, ata un máximo de 20 euros, sen deterioro que a invalide.

2. Unha vez xustificado o pago da viaxe, o usuario deberá pasar ao interior do vehículo, sen entorpecer a circulación interior do mesmo e situándose cara a parte traseira, deixando libre as portas de saída e entrada.

3. Os usuarios deberán comportarse no vehículo co maior civismo, sen causar molestias aos restantes viaxeiros; haberán de tratar correctamente aos traballadores, cos que expresamente lles está prohibida calquera clase de discusión debendo dar parte da actitude que consideren irregular.

ARTIGO 40.

1. Para baixar do vehículo haberá de facelo o viaxeiro polas portas traseiras.

2. O vehículo deberá desaloxarse pola totalidade dos viaxeiros nas paradas de fin de liña, a excepción do expresado no artigo 8. En consecuencia, quen deséese continuar viaxe baixarase e gardará quenda para subir de novo ao vehículo, a todos os efectos, como se o fixera por primeira vez.

3. O usuario deberá ter en conta que tanto a subida como a baixada efectuaraa coa máxima rapidez en beneficio xeral; e os vehículos, agás nas paradas fin de liña, tan só se deterán o tempo necesario para o movemento de viaxeiros.

ARTIGO 41.

A empresa operadora terá as seguintes obrigas:

1. No cumprimento das súas funcións, o conductor e o resto do persoal actuará conforme ás disposicións vixentes e baixo as directrices que a súa Dirección fixe para o cumprimento desta ordenanza.
2. persoal conductor da empresa deberá ir sempre uniformado.
3. Manter en bo estado de conservación e mantemento o material, así como en aceptables condicións hixiénico-sanitarias.
4. Cando a tarxeta falle a empresa deberá traspasar as viaxes pendentes de uso sempre que o usuario conserve o xustificante da última recarga. A entrega da nova tarxeta realizarase sen custo para o cliente sempre que a tarxeta entregada estea en perfectas condicións de mantemento.

CAPÍTULO II. CONTROL E SANCIÓN

ARTIGO 42.

Os conductores ou servizos de inspección da empresa operadora deberán impedir a entrada nos vehículos, ou solicitar o seu abandono, a todos aqueles viaxeiros que incumplan os preceptos desta ordenanza. No caso de desobediencia será a autoridade municipal a encargada de asegurar o seu cumprimento.

ARTIGO 43.

Con carácter xeral, todo aquel usuario que permaneza no interior dun vehículo e non amose o correspondente título de viaxe ou bono cando llo soliciten os servizos de inspección da empresa operadora, ou non acredite a condición especial en caso de billetes ou bonos especiais, deberá aboar o billete ordinario ou facer uso dun bono de carácter xeral.

CAPÍTULO III. ACCIDENTES. PERDA DE OBXECTOS

ARTIGO 44.

Caso de producirse accidente no vehículo da Empresa, avisarase do mesmo ao persoal de inspección o cal impartirá as instrucións pertinentes para a pronta continuidade do servizo. Posteriormente o persoal de inspección actuante trasladará informe á Dirección da súa empresa para a adopción das medidas correctoras pertinentes.

En calquera caso trasladarase informe cos feitos ao Concello.

1. Accidentes sen danos a persoas:

Se producido o accidente se comprobara que non existen danos a persoas (nin viaxeiros, nin ocupantes do vehículo contrario) cumprimentarase o parte de accidente solicitando ao conductor do vehículo contrario os danos pertinentes, ao mesmo tempo que se subministran os propios (autobús e persoais do conductor). Na explicación que se faga anotarase, sempre que sexa posíbel, os datos de dúas testemuñas. Redactarase polo técnico de prevención, informe detallado do accidente.

2. Accidentes con feridos de carácter leve:

Se producido o accidente se comprobara que como consecuencia do mesmo houbo lesións de carácter leve nalgunhas persoas, observaranse as seguintes normas:

1. Comunicarase os feitos ao persoal de inspección que procurará os medios para trasladar inmediatamente aos lesionados a un centro sanitario.
2. Cumprimentarase o correspondente parte, da mesma forma que no caso anterior, incluíndo ademais os datos persoais dos lesionados, se fora posíbel.
3. Acudirá o inspector para axudar ao conductor na execución dos trámites anteriores, sempre que sexa preciso.
4. Informarase aos usuarios, caso de que presenten algunha protesta, de que poden formular a reclamación correspondente na forma que proceda.
5. vehículo continuará a viaxe tan pronto como sexa posíbel, avisando nese momento ao persoal de inspección.
6. Redactarase polo técnico de prevención informe detallado do accidente.

3. Accidentes con feridos graves ou mortais:

Se producido o accidente se comproba que hai feridos con aparencia grave ou mortal, actuarase da seguinte forma:

Comunicaranse os feitos ao persoal de inspección. No caso de feridos graves serán trasladados ao centro asistencial máis próximo; no caso de accidente mortal ocuparanse de realizar as xestións precisas, avisando aos organismos pertinentes.

Cumprimentarase o parte correspondente, con todos os datos, coa axuda dun inspector se fora preciso.

Redactarase polo técnico de prevención informe detallado do accidente.

ARTIGO 45.

Se por acción dalgún usuario se producisen danos no vehículo, tales como rotura de cristais, etc., deberá formularse o correspondente parte, que conterá a explicación dos feitos, datos do causante e de dúas testemuñas presenciais. En caso de negativa a identificarse poñeranse os feitos en coñecemento da Autoridade, segundo as indicacións recollidas nesta ordenanza.

ARTIGO 46.

Calquera viaxeiro que crea ter extraviado algún obxecto nun vehículo, poderá interesarse na oficina de obxectos perdidos da Empresa, e no caso de encontrarse, estará a disposición de quen acredite ser o seu dono, durante dous anos, transcorridos os cales se devolverá a quen o atopou ou, no seu defecto, ao traballador que se fixo cargo del en primeira instancia.

ARTIGO 47. INFRACCIÓNS

1. As infraccións á presente ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves, e cumprimentan as recollidas nos pregos ou contratos coas empresas operadoras.

Serán moi graves as infraccións que supoñan:

- a) impedimento do uso do servizo para as persoas con dereito á súa utilización.
- b) impedimento ou a grave obstrución ao funcionamento normal do servizo.
- c) Os actos de deterioro grave e relevante dos elementos do servizo.

O incumprimento das restantes obrigas contidas na presente ordenanza clasificaranse como infraccións graves ou leves, consonte aos seguintes criterios:

1. A intensidade da perturbación causada no normal funcionamento do servizo.
2. A intensidade da perturbación causada no uso do servizo por parte dos usuarios con dereito ao mesmo.
3. A intensidade dos danos ocasionados no equipamento en elementos do servizo.

En todo caso, considerarase infracción de carácter leve a negativa, por parte do usuario, a exhibir a documentación acreditativa do dereito ao uso do servizo ao persoal debidamente autorizado.

2. Procedemento sancionador:

O procedemento sancionador tramitarase polo Concello de Santiago a proposta de TUSSA, que elaborará un informe no que se fagan constar os feitos constitutivos da infracción e a identidade do presunto infractor.

A referida tramitación realizarase consonte ao establecido no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

3. Sancións:

As infraccións da presente ordenanza sancionaranse con multa das seguintes contías:

1. Infraccións moi graves: ata 3.000 euros
2. Infraccións graves: ata 1.500 euros

3. Infraccións leves: desde 30 ata 750 euros

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O Concello de Santiago de Compostela ten encomendada á empresa municipal TUSSA a planificación e control do servizo de transporte colectivo urbano da cidade.

Esa encomenda inclúe o exercicio das competencias atribuídas ao Concello na presente Ordenanza, con excepción das recollidas nos artigos 3, 12, 14, 15 e 47 da presente Ordenanza, que serán exercidas directamente polo Concello, nos termos da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor transcorridos quince días desde a súa publicación íntegra no BOP da Coruña.